

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA SOLICITUDE PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA O NÚCLEO RURAL DE GUNDÍN COA VÍA MUNICIPAL QUE VAI DE MAZOI A BENADE, PARROQUIA DE BENADE (AGADER 2023-2024) E PARA A CONTRATACIÓN DE MOBILIARIO (CADEIRAS) PARA O SERVIZO DE MEDIO RURAL.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 7-2023, por un importe total de 10.728,95 €, derivados das obrigas de carácter económico derivadas da proposta de gasto coa finalidade de facer fronte a realización dunhas obras urxentes na zona rural (AGADER 2023-2024) e a compra de mobiliario para medio rural, polo tanto faise necesaria a contratación dos seguintes proxectos:

- Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica o núcleo rural de Gundín coa vía municipal que vai de Mazoi a Benade. Parroquia de Benade por importe de 9.576,42 €.

- Contratación da subministración de 4 cadeiras para medio rural por importe de 1.152,53 €.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 270/2023 de día 13.03.2023, así como RCMOD núm: 2023/13775 de día 13.03.2023, por importe total de 10.728,95 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 10.728,95 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

**INTERVENCIÓN**

MVF/slb

Refª: ispac5867157156323448823.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 7-2023 AGADER e mobiliario Medio Rural

<b>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>	<b>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</b>	<b>CP</b>	<b>IMPORTE €</b>
45910.21000	10.728,95 €	45910.60900 45910.62500	23XX00022 23XX00031	9.576,42 € 1.152,53 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>10.728,95 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>10.728,95 €</b>

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.